

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5899 *Real decreto 558/2020, do 9 de xuño, polo que se modifican distintos reais decretos que establecen normativa básica de desenvolvemento de regulamentos da Unión Europea en materia de froitas e hortalizas e vitivinicultura.*

Os sectores de froitas e hortalizas e vitivinícola constitúen un elemento esencial tanto na actividade agraria nacional como na provisión de bens públicos no medio rural, e a súa regulación vén fortemente afectada pola normativa europea na materia.

O Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, ten como obxecto establecer a normativa básica para a aplicación en España da regulamentación da Unión Europea na dita materia.

Mediante o Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, estableceuse a normativa básica para a aplicación en España da regulamentación da Unión Europea na dita materia.

O Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola, establece a normativa básica para regular o sistema de autorizacións de plantacións de viña, o potencial produtivo vitícola e a clasificación de variedades de uva de vinificación autorizadas.

Co Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, aprobouse a normativa básica aplicable ás medidas recollidas no Programa de apoio ao sector vitivinícola español 2019-2023, presentado polo Reino de España perante a Comisión Europea de conformidade co disposto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios, no relativo aos programas de apoio no sector vitivinícola, en liñas de actuación diferenciadas, destinadas, entre outras, ás medidas de promoción en terceiros países, reestruturación de viña e investimentos que precisan dunha flexibilización da normativa actual.

O escenario actual de estado de alarma, declarado por medio do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, fai necesaria a adaptación dos reais decretos anteriormente citados para adecualos ás especiais circunstancias que concorren na actualidade, e ás novas previsións que posibilita o Regulamento de execución (UE) 2020/532 da Comisión, do 16 de abril de 2020, que establece excepcións, para o ano 2020, aos regulamentos de execución (UE) n.º 809/2014, (UE) n.º 180/2014, (UE) n.º 181/2014, (UE) 2017/892, (UE) 2016/1150, (UE) 2018/274, (UE) 2017/39, (UE) 2015/1368 e (UE) 2016/1240, no que toca a determinados controis administrativos e sobre o terreo aplicables no marco da política agrícola Común, e o Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, do 30 de abril de 2020, polo que se establecen medidas excepcionais de carácter temporal que autorizan excepcións a determinadas disposicións do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello para facer fronte á perturbación do mercado causada pola pandemia do COVID-19 no sector das froitas e hortalizas e no sector vitivinícola, así como medidas conexas.

Así mesmo, a aprobación do Regulamento de execución (UE) 2020/601 da Comisión, do 30 de abril de 2020, sobre medidas de emerxencia polas que se establecen excepcións aos artigos 62 e 66 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á validez das autorizacións para plantacións de vide e á arrinca

en caso de replantación anticipada, obriga a modificar a normativa nacional de desenvolvemento. Noutras ocasións fíxose uso de potestades que outorgaba xa o dereito vixente da Unión Europea e examinouse o dereito interno español para que o esforzo de adaptación dos catro reais decretos á situación actual fose globalmente considerado e flexibilizado ao máximo posible e de maneira coordinada cos outros esforzos.

Así, no Real decreto 532/2107, do 26 de maio, cómpre modificar determinados prazos de comunicacións que deben levar a cabo as organizacións de produtores.

No Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, cómpre flexibilizar as condicións para que as organizacións de produtores poidan modificar os seus programas operativos co fin de adaptalos á situación actual. Así mesmo, coa finalidade de obter unha maior eficacia na execución dos fondos operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, unha maior competitividade e contribuír ao equilibrio entre a oferta e a demanda en determinados sectores, é necesario realizar algúns axustes técnicos no texto da dita norma. E é preciso realizar a corrección dalgunhas erratas identificadas e actualizar o texto.

No que se refire ao réxime de autorizacións de viña, orixináronse atrasos e dificultades na execución dos procedementos establecidos para a súa aplicación en España, e os viticultores teñen dificultades para realizar os labores do cultivo da viña, polo que é necesario modificar algunhas disposicións do Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, que permitan adaptar o sistema a esta situación, facilitando a xestión das administracións e evitando que os cidadáns vexan minguados os seus dereitos.

En consecuencia, con esta modificación atrásanse os prazos dos artigos 9.6, 11.3 e 14.6. Así mesmo, modifícase o punto 5 do artigo 14 para dar a posibilidade ás comunidades autónomas de realizaren as comprobacións in campo das arrincas con posterioridade á notificación da resolución, e o punto 6 do mesmo artigo, para permitir que se poidan notificar as resolucións de arrinca da campaña 2019/2020 con posterioridade ao 31 de xullo de 2020 retrotraendo a efectividade destas ao 31 de xullo de 2020.

En aplicación do de execución (UE) 2020/601, modifícanse os artigos 11.6, 16.1 e 19.4. E, polas mesmas razóns que xustifican as modificacións derivadas do dito regulamento, cómpre engadir un terceiro punto no artigo 20 para poder ampliar a caducidade dos dereitos de replantación que caduquen na campaña 2019/2020.

Nos artigos 7.7, 11.5 e 18.7 corrixíronse erros de omisión involuntaria de información ao redactar o Real decreto 536/2019, do 20 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola, e modifícase a disposición derradeira segunda para aclarar a súa redacción.

Por último, cómpre modificar o Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, xa que no escenario actual derivado da crise ocasionada polo COVID-19 se viu paralizada a execución de determinadas operacións, polo que se pretenden flexibilizar determinados artigos para dar cabida á forza maior e achegar máis seguridade xurídica ás entidades xestoras das diferentes medidas á hora de resolver expedientes, ademais de facilitar o acceso á axuda aos viticultores que viron paralizada a súa actividade consecuencia do estado de alarma.

Así, na medida de promoción, simplifícanse os tramos de financiamento en función do grao de execución dos programas, establecido no artigo 13. Ademais, engádese no anexo VIII a posibilidade, ante causa de forza maior, de axustar a porcentaxe de custos de persoal ao límite aprobado. Por último, prevese que os cambios introducidos se apliquen ás solicitudes presentadas antes do 15 de xaneiro de 2019. Así mesmo, flexibilízase o réxime dos artigos 9.2, 11.3 e 15.5, así como o anexo VI, con idéntica finalidade.

Para a medida de reestruturación da viña flexibilízase o prazo de remisión de necesidades financeiras para 2021 por parte das comunidades autónomas, prevese a posibilidade de ampliación de operacións tanto anuais como bienais, podendo prorrogar un ano máis ata a súa finalización e non verse afectadas polas penalizacións establecidas nos artigos 28, 38 e 39, mediante a introdución da excepción por causa da forza maior.

No relativo á medida de investimentos, introdúcense excepcións nos artigos 64 e 73, así como no anexo XXIII aplicables, novamente, ás causas de forza maior ou circunstancias excepcionais no máximo de exercicios Feaga de apoio ás operacións, porcentaxe a mínima do importe dos conceptos de gasto aprobados incluídos no primeiro exercicio e ao mínimo do investimento subvencionable para poder percibir axuda por parte do beneficiario. Por outro lado, introdúcese unha modificación no artigo 68.5 orientada a lograr un mellor seguimento da utilización dos fondos, co fin de mellorar a execución da medida. Así mesmo, modifícase a disposición transitoria terceira para que as modificacións introducidas nos artigos 64 e 73 sexan de aplicación, por seren favorables ao beneficiario, ás solicitudes presentadas antes do 1 de febreiro de 2019.

Recóllense, mediante as correspondentes novas disposicións adicionais cuarta a sexta, a aplicación das necesarias previsións de forza maior, na disposición adicional sétima, as comunicacións dos organismos pagadores ao Fondo Español de Garantía Agraria, O. A., e na oitava, o financiamento excepcional da medida de reestruturación e reconversión de viñas en relación coa crise sanitaria provocada polo COVID-19. Finalmente, engádense as disposicións terceira, novena e décima, relativas á modificación dunha serie de prazos, á intensidade de axuda aplicable na terceira convocatoria desta medida e á introdución de flexibilidade adicional nas modificacións, respectivamente, a consecuencia das dificultades ocasionadas pola crise sanitaria provocada polo COVID-19. Non obstante, a aplicación dalgunhas modificacións do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, que se basean no Regulamento delegado da Comisión que derroga, só para o ano 2020, o Regulamento delegado da Comisión (UE) 2017/891, respecto do sector de froitas e hortalizas e o Regulamento delegado da Comisión (UE) 2016/1149, respecto do sector do viño, en relación coa pandemia provocada polo COVID-19, debe quedar condicionada á publicación deste.

Modifícase o artigo 89, relativo á aplicación de sancións cando existen causas de forza maior, e inclúese, en tres disposicións adicionais, unha referencia ao réxime normativo aplicable á realización dos controis sobre o terreo no exercicio Feaga 2020, precísase que corresponde ao beneficiario achegar proba documental irrefutable para o acollemento a unha causa de forza maior e declárase a crise sanitaria como consecuencia do COVID-19 como causa de forza maior.

Especifícase tamén o réxime de aplicación retroactiva das previsións deste real decreto no referente aos artigos primeiro, segundo e cuarto.

Este real decreto dítase de acordo coa habilitación prevista na disposición derradeira primeira da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e en aplicación da normativa da Unión Europea, especialmente o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral, e de maneira adecuada á situación derivada da declaración do estado de alarma. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa que lles impoña menos obrigas aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, esta norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, reducíndose cargas administrativas e simplificando o cumprimento das exixencias normativas aos particulares.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e na regra 10.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior, nas modificacións operadas respecto da sección primeira do capítulo II do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

Engádesse unha nova disposición adicional única ao Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Regras especiais para 2020.*

1. Non obstante o disposto no punto 1 do artigo 21, no ano 2020 a información poderá remitirse ata un mes despois do último día en que estea en vigor o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.
2. No ano 2020 non se aplicarán os controis establecidos nas letras b) e c) do punto 1 do artigo 24.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

O Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas, queda modificado como segue:

Un. O artigo 9.4 queda modificado como segue:

«4. En virtude do artigo 29 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, non se poderán incluír actuacións da medida 1 do anexo IV do presente real decreto nos programas operativos que comporten un incremento da produción de melocotón, nectarina, paraguaia, platerina e melocotón plano.

Así mesmo, durante as anualidades 2020 e 2021 non se poderán incluír actuacións da medida 1 do anexo IV do presente real decreto nos programas operativos que comporten un incremento da produción de laranxa, clementina, mandarina, satsuma e limón. Non obstante, de maneira motivada, a autoridade competente poderá realizar excepcións á dita prohibición por ámbitos xeográficos, produtos ou variedades. Para iso deberán remitir un certificado á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios que xustifique que, para os produtos ou variedades exceptuadas, non se requiren medidas excepcionais.»

Dous. O artigo 16 queda modificado como segue:

a) O punto 1 queda redactado como segue:

«1. Como aplicación do artigo 34.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, durante o ano en curso as organizacións de produtores ou asociacións de organizacións de produtores poderán realizar un máximo dunha comunicación de modificacións cada dous meses naturais contados desde o comezo da anualidade, exceptuando as establecidas nas letras j) e k) do punto 2 do presente artigo, que afecten a dita anualidade do programa, sempre que se cumpran as condicións establecidas no punto 3 do presente artigo e que o fondo operativo

resultante sexa, como mínimo, o 60 % do aprobado inicialmente e, como máximo, o 125 % do aprobado inicialmente.

Non obstante, na anualidade 2020 non se terá en conta a limitación de realizar unha modificación cada dous meses, e poderase efectuar ata seis modificacións ata o 25 de novembro, exceptuando as establecidas na letra j) e k) do punto 2 deste artigo.

Se o órgano competente da comunidade autónoma así o establece, a dita comunicación bimestral de modificacións deberá realizarse a través da aplicación «Xestión de programas operativos» do Fondo Español de Garantía Agraria podendo esta ser acumulativa. Tamén serán válidas outras aplicacións creadas para tal efecto polas comunidades autónomas.»

b) A letra i) do punto 2 queda redactada como segue:

«i) Inclusión e supresión de investimentos ou conceptos de gastos dentro do marco de actuacións aprobadas para a anualidade en cuestión da cal se solicita esta modificación. Non se considerará modificación o cambio das características técnicas dun determinado investimento, pero si se considerará modificación o cambio de finalidade dun investimento.

Non obstante, na anualidade 2020 poderase admitir a inclusión e supresión de investimentos ou conceptos de gastos incluso dentro do marco de actuacións que non estivesen aprobados para a anualidade en cuestión da cal se solicita esta modificación.»

c) O punto 3 queda redactado como segue:

«3. As modificacións contidas nas letras a), b), c), g) e i) do punto anterior que supoñan a supresión de investimentos ou conceptos de gasto, ou na letra d) que supoñan variacións á baixa poderán realizarse sen autorización previa, sempre que sexan comunicadas pola organización de produtores ao órgano competente como moi tarde xunto á comunicación bimestral establecida no primeiro parágrafo do punto 1 do presente artigo. Na anualidade 2020 tamén poderán realizarse sen autorización previa as modificacións da letra d), incluso aínda que supoñan variacións á alza.

As modificacións recollidas na letra i) do punto anterior que supoñan a inclusión de novos investimentos ou conceptos de gasto, na letra d), que supoñan variacións á alza, así como nas letras e), f), h), j), k), l) e m) do dito punto precisarán a aprobación previa por parte do órgano competente e, por tanto, deberá solicitarse a súa aprobación antes da súa execución; para isto admitirase o fax ou calquera medio electrónico, especificando, se é o caso, as accións cuxo orzamento poida verse reducido. Non obstante, para a anualidade 2020 as modificacións recollidas na letra j) poderán realizarse sen autorización previa.

As modificacións recollidas na letra i), unha vez que fosen aprobadas, non poderán ser obxecto de nova modificación de inclusión ou supresión durante a anualidade en curso. Non obstante, durante a anualidade 2020 non será de aplicación este parágrafo.»

Tres. O artigo 17.2 queda redactado como segue:

«2. No caso das modificacións durante o ano en curso que exixan autorización previa, a decisión deberá adoptarse dentro dos dez días hábiles seguintes á recepción da solicitude. A ausencia da dita decisión suporá que queda aprobada, sempre que se cumpra o disposto no artigo 16 do presente real decreto e:

a) Que o importe do fondo operativo tras a introdución de todas as modificacións presentadas non supere un 25 por cento do inicialmente aprobado.

b) Que se respecten os límites establecidos no artigo 34 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

c) Que o fondo operativo resultante sexa igual ou maior ao 60 por cento aprobado inicialmente, en virtude da letra c) do artigo 34.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

d) Que os novos investimentos, conceptos de gastos, accións ou actuacións introducidas sexan elixibles de acordo co recollido no anexo IV do presente real decreto e do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

Non obstante, para a anualidade 2020, o fondo operativo resultante das modificacións de ano en curso poderá ser igual ou maior do 30 por cento aprobado inicialmente, sempre que se manteñan os obxectivos do programa operativo. Esta diminución de porcentaxe afectará o disposto na letra c) do punto 2 do artigo 13 e as porcentaxes mínimas establecidas nos puntos 1 e 2, letra a) do artigo 16. Ademais, as solicitudes de modificación de anualidade en curso irán acompañadas por unha declaración responsable e estarán condicionadas a completar os requisitos establecidos unha vez finalizado o estado de alarma, en particular os indicados no anexo VII.»

Catro. A letra a) do punto 2 do artigo 25 queda redactada como segue:

«a) Unha memoria de actuación xustificativa sobre o cumprimento do programa operativo executado con respecto ao aprobado polo órgano competente que inclúa un cadro comparativo entre as actividades realizadas e as aprobadas e un informe sobre os obxectivos conseguidos coa súa realización, tal e como se establece no artigo 21 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e no artigo 31.1 do presente real decreto.

O dito informe deberá ir acompañado do anexo II do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, cuberto e que reflecta a situación da entidade ao final do programa operativo a través do sistema informático definido no artigo 23 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio.»

Cinco. O punto 1 do artigo 31 queda redactado como segue:

«1. Para os efectos de remitir á Comisión a información establecida no artigo 21 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, as organizacións de produtores deberán introducir no sistema informático definido no artigo 23 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, entre o 1 de xaneiro e o 15 de febreiro de cada ano, a información relativa aos indicadores financeiros e de execución e de resultado e impacto solicitados polo dito sistema.

A información a que se refire o artigo 4.1.a) do Regulamento de execución (UE) 2017/892, deberase introducir no mencionado sistema informático entre o 1 e o 15 de setembro do ano de presentación do programa operativo.»

Seis. Engádesse unha nova disposición adicional única, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Regras especiais para 2020.*

1. No ano 2020 o prazo de presentación previsto no artigo 8 atrasase ata o 15 de outubro.

2. Como excepción para o programa operativo 2020, os tramos de financiamento previstos no artigo 13.2 poderán modificarse á alza. Así mesmo, poderase reducir o número de anos de financiamento dun investimento ou incluso deixar de diferilo.

3. As decisións, establecidas no artigo 9.2.b) e outros artigos concordantes deste real decreto, que deban ser tomadas pola asemblea xeral da entidade ou por órgano equivalente da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente segundo a personalidade xurídica da organización de produtores

ou asociación de organizacións de produtores durante o tempo que estea en vigor o estado de alarma ou outras medidas ou recomendacións de distanciamento social que se establezan, e que impidan a celebración de asembleas xerais, poderán ser aprobadas polo consello reitor da entidade ou por unha comisión equivalente no caso de que a organización de produtores sexa unha sección, ou polo órgano en que a asemblea xeral delegue esta función, condicionadas á posterior ratificación por parte da asemblea xeral ou órgano equivalente.»

Sete. Engádese unha nova disposición transitoria cuarta, co contido seguinte:

«Disposición transitoria cuarta. *Limitacións porcentuais das medidas dos programas operativos durante a anualidade 2020 dos programas operativos.*

Excepcionalmente, na anualidade 2020 non serán de aplicación as porcentaxes que limitan o gasto para cada unha das medidas subvencionables no marco dos programas operativos, establecidos no anexo IV nin para as actuacións número 2.2.1, 3.2.3, 3.1.4 e 7.19, recollidas no dito anexo IV. »

Oito. Engádese unha nova disposición transitoria quinta, co contido seguinte:

«Disposición transitoria quinta. *Aplicación dos novos importes de axuda dos anexos V e VI do presente real decreto para as organizacións de produtores non adaptadas á regulamentación en vigor.*

Os novos importes establecidos nos anexos V e VI do presente real decreto aplicaranse tamén ás organizacións de produtores que optaron pola opción a) da disposición transitoria primeira do presente real decreto.»

Nove. O anexo IV queda modificado como segue:

a) As filas 1.1.5, 1.1.6, 1.1.8 e 1.2.2 do cadro do punto 1. Medida dirixida a planificar a produción, quedan redactadas como segue:

<p>1.1.5 Invernadoiros e outros sistemas de cultivo protexido. (1.1.5.).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Construción de invernadoiros: plásticos, estruturas de suxeición da cuberta, utilización de substrato reciclable. • Mellora de invernadoiros: plásticos, instalación de dobres portas, dobre teito, ventás cenitais, equipamento de emisión de CO₂, xeradores, sistemas de calefacción e aproveitamento de CO₂, sistemas de rega, refrixeración, túneles, microtúneles, sublimadores, mallas de asombrado, etc. 	<p>– Non serán subvencionables as estruturas que, a xuízo da autoridade competente, poidan considerarse obsoletas, nin novas nin de substitución.</p>
<p>1.1.6 Construcións auxiliares. (1.1.6.) • Vías de acceso ás explotacións, almacéns en campo, almacéns de insumos, casetas para rega, casetas de pesaxe, etc.</p>	<p>– A dimensión das construcións auxiliares será proporcional ao uso relacionado exclusivamente coa actividade da OP: as vías de acceso dimensionaranse en función do tráfico que vaian soportar derivado desta actividade.</p> <p>– Os almacéns terán unha capacidade proporcional á actividade que realice en campo a OP ou os seus socios.</p>
<p>1.1.8 Alcouves. (1.1.8).</p>	<p>– A titularidade do alcouve deberá estar a nome da organización de produtores.</p>

1.2.2 Vehículos. (1.2.2)

• Vehículos para:

- o O transporte interno de produto da OP.
- o O acceso ás explotacións.

- Os vehículos para transporte interno usaranse exclusivamente para este fin. A titular dos vehículos será a organización de produtores e deberán levar marcado o anagrama da dita organización de produtores.
- Os vehículos para acceso ás explotacións serán de uso exclusivo para o persoal cualificado ao servizo da OP na realización das actividades desta. A titular dos vehículos será a organización de produtores.
- Os vehículos poderanse financiar mediante arrendamento financeiro. Neste caso, non serán subvencionables os gastos recollidos no punto 12 d).
- O importe de axuda para a adquisición dos vehículos determinarase de acordo coa contribución aos obxectivos do programa operativo.

b) Nas condicións de subvencionalidade das accións 6.1 «Retiradas» e 6.2 «Recolección en verde e non recolección», substitúese a referencia á Circular 34/2016 do FEGA pola referencia á Circular de coordinación do FEGA 22/2019 «Normas de coordinación dos procedementos de xestión de crise dos programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas».

c) A descrición da acción 7.27 queda redactada como segue:

«7.27 Utilización de cubertas vexetais en cultivos de froiteiras como alternativa ao manexo convencional (7.27.1).»

Dez. Na táboa do anexo V inclúense as filas seguintes:

«Produto	Importe de axuda (€/100 kg)
	Distribución gratuíta
Mora.	260,04
Papaia.	32,38

Once. O anexo VI queda modificado como segue:

a) Na táboa 1 da parte b) inclúense as columnas seguintes e unha nota a rodapé de táboa:

«Semanas despois da plantación*	Arando ***	Framboesa ***	Mora ***
1	0,02	0,001	0,16
2	0,03	0,01	0,43
3	0,05	0,11	0,49
4	0,12	0,14	0,41
5	0,17	0,26	0,46
6	0,29	0,35	0,55
7	0,44	0,69	0,73
8	0,55	1,01	0,77
9	0,77	1,50	1,01
10	0,96	2,49	1,30

«Semanas despois da plantación*	Arando ***	Framboesa ***	Mora ***
11	1,15	3,40	1,42
12	1,32	4,60	1,62
13	1,45	5,77	1,61
14	1,61	5,63	1,60
15	1,66	7,34	1,43
16	1,59	9,29	1,52
17	1,91	10,01	1,45
18	1,80	9,46	1,40
19	1,55	10,48	1,25
20	1,56	10,55	1,42
21	1,85	7,93	1,19
22	2,03	5,24	1,38
23	2,34	3,27	1,42
24	2,41	0,46	1,37
25	2,72	0	1,28
26	2,96	0	1,50
27	3,02	0	1,70
28	3,91	0	1,49
29	3,88	0	1,60
30	4,62	0	1,75
31	5,29	0	1,55
32	5,63	0	1,61
33	6,20	0	1,64
34	5,82	0	1,51
35	4,96	0	1,60
36	5,08	0	1,74
37	4,77	0	1,80
38	4,72	0	3,18
39	3,39	0	4,79
40	2,85	0	5,82
41	1,13	0	7,65
42	0,41	0	8,31
43	0	0	6,67
44	0	0	5,19
45	0	0	3,59

«Semanas despois da plantación*»	Arando ***	Framboesa ***	Mora ***
46	0	0	2,81
47	0	0	1,89
48	0	0	1,26
49	0	0	0,56
50	0	0	0,39
51	0	0	0,30
52	0	0	0,29
53	0	0	0,17

*** Para arando, framboesa e mora, semanas desde a primeira recolla.»

b) Na táboa 2 da parte b) inclúense as filas seguintes:

	Compensación (€/ha)		
	Secaño	Regadío aire libre	Regadío protexido
Arando.	-	-	16.010
Framboesa.	-	-	16.373
Mora.	-	-	15.920

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Real decreto 1338/2018, do 29 de outubro, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda modificado como segue:

Un. O artigo 7.7 queda redactado como segue:

«7. As limitacións que se adopten como consecuencia das recomendacións presentadas polos consellos reguladores das DOP supraautonómicas aceptadas en virtude do punto 4, e a decisión adoptada para o resto, mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, publicaranse no “Boletín Oficial del Estado” antes do 30 de decembro do ano de presentación das recomendacións mediante resolución da citada dirección xeral e serán de aplicación desde o día da súa publicación.

Igualmente, mediante a dita resolución faranse públicas as decisións adoptadas polas comunidades autónomas respecto das recomendacións previstas no punto 3.b), que serán igualmente de aplicación desde a publicación da citada resolución no “Boletín Oficial del Estado”.»

Dous. O artigo 9.6 queda redactado como segue:

«6. A autoridade competente da comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de xuño de cada ano, a lista de solicitudes admisibles clasificadas por orde de puntuación, en función do grao de cumprimento dos criterios de prioridade establecidos no artigo 10 e tal e como se establece no anexo III. Ademais, a comunidade autónoma indicará a orde de preferencia de cada recinto Sixpac da superficie admisible indicado na solicitude de acordo co punto 4. A información mínima que deberán enviar as comunidades

corresponderase coa recollida no anexo IV. Excepcionalmente para 2020, debido á aplicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, a lista de solicitudes admisibles clasificadas poderá ser enviada como moi tarde o 1 de xullo de 2020.»

Tres. No artigo 11, os puntos 3, 5 e 6 quedan redactados como segue:

«3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación remitiralles ás comunidades autónomas, non máis tarde do 1 de xullo, as solicitudes para as cales se poderán conceder autorizacións e a superficie pola cal se poderá conceder a autorización. Excepcionalmente para 2020, debido á aplicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, as solicitudes e a superficie que se concederá poderá ser remitida como moi tarde o 15 de xullo de 2020. As comunidades autónomas deberán resolver as solicitudes e notificarlles as autorizacións concedidas aos solicitantes antes do 1 de agosto de cada ano. En caso de non terse ditado e notificado a resolución correspondente transcorrido o dito prazo, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio negativo.»

«5. Os solicitantes aos cales se lles conceda unha autorización por menos do 50% da superficie admisible total da súa solicitude poderán renunciar na súa totalidade no mes seguinte á data da notificación da resolución. As comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, como moi tarde o 1 de outubro de cada ano, a información sobre a superficie obxecto de renuncia referida neste parágrafo e indicarán a rexión e a zona de produción onde está situada a superficie a que desistiron, para a súa remisión á Comisión Europea en cumprimento do artigo 33.2.a) do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro de 2017. A superficie liberada por renuncias dun ano porase á disposición para a concesión de autorizacións de novas plantacións de forma adicional á superficie máxima dispoñible que se estableza para o ano seguinte en virtude do artigo 6.1.

As comunidades autónomas deberán resolver os recursos estimatorios aplicando á superficie admisible o mesmo rateo que se lle aplicaríase á súa solicitude de ter sido resoltas antes do 1 de agosto do ano en que se presentou a solicitude, e tendo en conta que non se supere a superficie admisible máxima por solicitante aplicado no procedemento de concesión de autorizacións de novas plantacións do ano en que se presentou a solicitude. As comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, como moi tarde o 1 de outubro, conforme o anexo VI, a información sobre a superficie liberada por desistencias e erros detectados despois da comunicación polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación da superficie que se vaia conceder segundo o punto 3, e a información sobre a superficie concedida nos recursos que se resolvesen de forma estimatoria ata ese momento e por erros, co fin de poder realizar un balance.

O resultado do balance entre superficie liberada por desistencias e erros e concedida por recursos estimatorios e erros terase en conta á hora de establecer a superficie máxima dispoñible para o ano seguinte referida no artigo 6.1.

En caso de que a superficie resultante do balance entre a superficie liberada por desistencias, renuncias e erros, e a concedida por recursos estimatorios e erros sexa superior á superficie máxima dispoñible para autorizacións de novas plantacións fixada para unha denominación de orixe protexida nese ano, esta superficie excedente descontarase do límite máximo de superficie dispoñible que se vai adoptar nesa DOP para o ano seguinte. Polo contrario, se a resultante do dito balance é inferior á mencionada superficie máxima dispoñible, a dita superficie engadirase á superficie dispoñible que se vai adoptar nesa DOP para o ano seguinte. Para iso, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicarlles ás comunidades autónomas e aos consellos reguladores afectados o resultado do balance que deben ter en conta, como moi tarde o 1 de novembro.»

«6. As autorizacións para novas plantacións concedidas terán un período de validez máximo de tres anos contados a partir da data da notificación da resolución da solicitude da autorización. En calquera caso, o período de validez non poderá superar o 31 de decembro de 2030.

Para as autorizacións de novas plantacións concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020, o seu prazo de vixencia ampliarase ata o 4 de maio de 2021.

Aos titulares das autorizacións de novas plantacións concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020 non se lles aplicarán as sancións administrativas a que se refire o artigo 26.1 deste real decreto se comunican, antes do 31 de decembro de 2020, á autoridade competente da comunidade autónoma que concedeu a dita autorización, que non teñen intención de facer uso da autorización e que non desexan beneficiarse da prórroga da súa validez mencionada no segundo parágrafo deste punto.»

Catro. No artigo 14, os puntos 5 e 6 quedan redactados como segue:

«5. Tras realizar as comprobacións pertinentes, a autoridade competente emitirá unha autorización de arrinca e, unha vez executada a arrinca polo viticultor, este deberá comunicalo á autoridade competente, quen, precedendo comprobación en campo, emitirá unha resolución de arrinca. Excepcionalmente para 2020, cando, debido a circunstancias excepcionais derivadas da aplicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, non poidan realizarse os controis en campo previos á resolución de arrinca, as comunidades autónomas poderán realizar estas comprobacións despois de notificar a dita resolución, e poderán, adicionalmente, solicitarlles aos viticultores que presenten unha declaración responsable en relación coa superficie arrincada con anterioridade á emisión da resolución de arrinca.

6. A solicitude de arrinca por parte do viticultor e a notificación da resolución de arrinca por parte da comunidade autónoma deberán producirse na mesma campaña, para efectos de verificación do disposto no artigo 15.2. Excepcionalmente para 2020, e debido ás circunstancias excepcionais derivadas da aplicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, poderanse resolver e notificar resolucións de arrincas executadas na campaña 2019/2020 con posterioridade ao 31 de xullo de 2020 nun número de días non superior á duración do período de alarma sanitaria, e a efectividade das ditas resolucións será a mesma que se se notificasen o 31 de xullo de 2020. O sentido do silencio administrativo será o establecido pola comunidade autónoma correspondente e, na súa falta, o sentido do silencio administrativo será estimatorio.»

Cinco. O artigo 16.1 queda redactado da seguinte forma:

«1. As comunidades autónomas poderán conceder autorizacións de replantación anticipada nos termos e condicións recollidos no punto 2 do artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro; no artigo 5 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro 2017; no punto 3 do artigo 9 do Regulamento de execución (UE) n.º 2018/274 da Comisión, do 11 de decembro 2017, e no presente real decreto.

Non obstante o disposto no punto 2 do artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, cando se concedese unha autorización de replantación anticipada e o prazo para a arrinca da superficie comprometida nesta venza en 2020, as comunidades autónomas poderán ampliar o prazo para a arrinca ata o 4 de maio de 2021, nos casos en que, debido á pandemia do COVID-19, a arrinca fose imposible, e sempre que o viticultor presente unha solicitude debidamente xustificada perante a autoridade competente da comunidade autónoma que concedeu a autorización de replantación anticipada dentro do prazo que ela determine, solicitando a prórroga do prazo de arrinca.

A dita comunidade autónoma resolverá a solicitude no prazo de dous meses a partir da presentación da solicitude de prórroga do prazo de arrinca, e deberá informar dos motivos ao solicitante, en caso de que denegue a súa solicitude.

A regulación do segundo parágrafo do artigo 5 do Regulamento delegado (UE) n.º 2018/273 da Comisión (relativa aos casos en que o produtor non levase a cabo a arrinca á fin do cuarto ano seguinte ao da plantación das novas vides) aplicarase se o viticultor non realiza a arrinca ao final da prórroga concedida en virtude dos parágrafos 2 e 3 deste punto.

Os viticultores que desexen beneficiarse desta prórroga non se poderán beneficiar da axuda á colleita en verde, en virtude do artigo 47 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre a superficie da nova plantación, nin sobre a superficie da plantación que se vaia arrincar.»

Seis. O artigo 18.7 queda redactado como segue:

«7. As restricións que se adopten como consecuencia das recomendacións presentadas polos consellos reguladores das DOP supraautonómicas aceptadas en virtude do punto 4, e a decisión adoptada para o resto, mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» antes do 30 de decembro do ano de presentación das recomendacións mediante resolución da citada dirección xeral, e serán de aplicación desde o día da súa publicación.

Igualmente, mediante a dita resolución farán públicas as decisións adoptadas polas comunidades autónomas respecto das recomendacións previstas no punto 3.b), que serán igualmente de aplicación desde a publicación da citada resolución no «Boletín Oficial del Estado».

Sete. O artigo 19.4 queda redactado da seguinte forma:

«4. As autorizacións concedidas terán un período de validez máximo de tres anos contados a partir da data da notificación da resolución da solicitude da autorización. En calquera caso, o período de validez non poderá superar o 31 de decembro de 2030.

Para as autorizacións de replantación concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020, o seu prazo de vixencia ampliarase ata o 4 de maio de 2021.

Aos titulares das autorizacións de replantación concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020 non se lles aplicarán as sancións administrativas a que se refire o artigo 26.1 deste real decreto se lle comunican, antes do 31 de decembro de 2020, á autoridade competente da comunidade autónoma que concedeu a dita autorización, que non teñen intención de facer uso da autorización e que non desexan beneficiarse da prórroga da súa validez mencionada no segundo parágrafo deste punto.»

Oito. No artigo 20 engádese un punto 3 co seguinte texto:

«3. Para os dereitos de replantación concedidos antes do 1 de xaneiro de 2016 que venzan na campaña 2019/2020, o seu prazo de vixencia ampliarase nunha campaña máis.»

Nove. O artigo 22.3 queda redactado da seguinte forma:

«3. As autorizacións concedidas por conversión de dereitos de plantación terán o mesmo período de validez que o dereito de plantación de procedencia. En calquera caso, o período de vixencia non poderá superar o 31 de decembro de 2023.

Para as autorizacións por conversión de dereitos de replantación concedidas que venzan ou poidan vencer na campaña 2019/2020, o seu prazo de vixencia ampliarase nunha campaña máis.

Aos titulares das autorizacións por conversión concedidas que venzan ou poidan vencer na campaña 2019/2020 non se lles aplicarán as sancións administrativas a que se refire o artigo 26.1 deste real decreto se comunican, antes do 31 de decembro de 2020, á autoridade competente da comunidade autónoma que concedeu a dita autorización, que non teñen intención de facer uso da autorización e que non desexan beneficiarse da prórroga da súa validez mencionada no segundo parágrafo deste punto.»

Dez. O artigo 26.1 queda redactado da seguinte forma:

«1. Aos produtores que non utilicen a autorización que se lles concedese durante o seu período de validez seralles de aplicación o réxime de sancións previsto na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e na normativa autonómica de aplicación, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutro tipo que procedan.

As ditas sancións non se aplicarán nos casos fixados no artigo 64.2, letras a) a d), ambas incluídas, do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e o Consello, do 17 de decembro, nin cando o que non se utilizase durante o seu período de validez sexa inferior a un 10% ata un máximo de 0,2 hectáreas, nin cando os titulares de autorizacións concedidas que venzan ou poidan vencer en 2020 ou na campaña 2019/2020 realicen a comunicación prevista no terceiro parágrafo dos artigos 11.6, 19.4 e 22.3.»

Once. O texto da disposición derradeira segunda queda modificado como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Autorización para a modificación do real decreto e os seus anexos.*

Autorízase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para levar a cabo as modificacións dos anexos, datas e prazos do presente real decreto, así como para realizar cantas modificacións nos artigos deste sexan precisas cando as ditas modificacións sexan exixidas como consecuencia da normativa da Unión Europea. Así mesmo, facúltase para modificar o límite máximo de superficie admisible por solicitante en cómputo nacional.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, queda modificado como segue:

Un. O punto 2 do artigo 9 queda redactado como segue:

«2. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no formato electrónico que se acorde, antes do 15 de marzo, a lista provisional de accións e programas ordenada por puntos, de acordo co anexo VI, e será a puntuación final a suma das puntuacións obtidas en cada un dos puntos. O dito anexo remitirase en formato electrónico a través da aplicación informática habilitada para o efecto e estará asinado pola autoridade competente. Xunto con esta listaxe provisional de novos programas propostos para aprobación, as comunidades autónomas e o FEGA O. A. remitirán as necesidades orzamentarias correspondentes a programas de exercicios anteriores aínda non aboados, para

que a dita cantidade poida ser tida en conta previamente á aprobación dos novos programas.»

Dous. O artigo 11.3 queda redactado como segue:

«3. A obriga, segundo o artigo 66.1 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e o Consello, do 17 de decembro de 2013, será a execución de, cando menos, o 50 por cento do orzamento total do programa obxecto da última resolución favorable, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais. Por debaixo deste procederase á execución total da garantía de boa execución, ademais de non pagar a parte executada independentemente da porcentaxe que sexa. Para estes efectos, deberase ter en conta o recollido no artigo 12.3.»

Tres. O artigo 13.3 queda redactado da seguinte forma:

«3. Soamente se concederá a porcentaxe de axuda aprobada na última resolución vixente cando o grao de execución do orzamento do programa aprobado e/ou modificado alcance, cando menos, o 50 por cento, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais. Non se concederá axuda e executarase a garantía depositada se o grao de execución está por debaixo do 50 por cento.»

Catro. O punto 5 do artigo 15 queda redactado como segue:

«5. A comunidade autónoma ou o Fondo Español de Garantía Agraria O. A., se é o caso, realizará os pagamentos nun prazo máximo de 75 días desde a recepción completa da solicitude de pagamento. Este prazo poderá quedar interrompido mediante notificación da autoridade competente da comunidade autónoma ou do FEAGA O. A., se é o caso, se se considera necesario recibir información adicional ou efectuar algunha verificación.

Tras o oportuno seguimento, con base nas comunicacións que se establezan para o efecto, do gasto da ficha financeira destinada á medida de promoción de viño en terceiros países dentro do programa, en caso de que os pagamentos realizados polas comunidades autónomas e o FEAGA O. A. superasen o importe establecido na dita ficha financeira do exercicio Feaga en curso, poderanse aboar con cargo ao Feaga seguinte, superando o prazo de pagamento establecido no parágrafo anterior, debéndose realizar os ditos pagamentos coa maior brevidade posible. O FEAGA O. A. comunicarlles ás comunidades autónomas cando se produce esta circunstancia.»

Cinco. O artigo 28.1 queda redactado da seguinte forma:

«1. A medida de reestruturación e reconversión de viñas levarase a efecto a través de solicitudes para a reestruturación e reconversión de viñas, que conterán as correspondentes operacións que se van realizar, así como o detalle das accións de cada unha delas. As solicitudes poderán conter operacións anuais e/ou bienais, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, sen que en ningún caso se estendan máis aló do exercicio financeiro 2023.»

Seis. O primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 38 queda redactado da seguinte forma:

«2. Sen prexuízo do previsto no artigo 36, cando se concedan anticipos, a garantía executarase cando non se cumprise a obriga de gastar o importe total do anticipo concedido na execución da operación de que se trate antes de que finalice o prazo máximo fixado pola comunidade autónoma para solicitar o pagamento da operación. No caso de operacións anuais, o prazo situarase no mesmo exercicio financeiro en que se pagase o anticipo e, no caso de operacións bienais, no mesmo

exercicio financeiro no que se solicitase o pagamento final da operación, salvo en caso de forza maior e outras circunstancias excepcionais, conforme establece o punto 4 do artigo 26 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.»

Sete. Os puntos 3 e 7 do artigo 39 quedan redactados da seguinte forma:

«3. A axuda pagarase segundo o cálculo establecido no artigo 37 do presente real decreto e unha vez que se comprobe que a operación se executou totalmente e que se axusta á solicitude aprobada ou modificada de acordo co artigo 47.

Non se pagará ningunha axuda correspondente a unha operación en que non se executase algunha acción sen ter autorizada previamente a modificación da operación correspondente pola autoridade competente da comunidade autónoma, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais tal e como indica o punto 2 do artigo 54 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.»

«7. No caso de que o solicitante presente a solicitude de pagamento dunha operación, despois do prazo indicado no artigo 29.2.c), a axuda que lle corresponda por esa operación calculada segundo o artigo 37, reducirase nun 20 %, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, segundo se recolle no artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e nos casos excepcionais que estableza a correspondente comunidade autónoma na súa normativa, para a operación ou as operacións afectadas. Non obstante, non se poderá atrasar o exercicio indicado no punto 2.c) da solicitude de axuda cando este sexa o segundo exercicio financeiro posterior ao que se solicitou a axuda, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais. Cando o atraso sexa debido a causas de forza maior ou circunstancias excepcionais non se aplicará a redución da axuda recollida neste punto.»

Oito. O artigo 64 substitúese polo seguinte:

«Artigo 64. *Características das operacións.*

As operacións deberán afectar orzamentariamente como máximo dous exercicios Feaga consecutivos inmediatamente seguintes ao exercicio Feaga no que se peche o prazo de presentación das solicitudes de axuda, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais. A execución das operacións poderá ter lugar desde a data de presentación da solicitude e, se é o caso, tras o levantamento da acta de non inicio correspondente. Cando, por causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, non poida realizarse a visita para o levantamento da acta de non inicio, esta visita poderá substituírse por outro procedemento que garanta que as operacións non se executaron antes de presentar a solicitude de axuda.

Soamente serán admisibles solicitudes por operacións anuais no caso de que os conceptos de gasto se limiten ao primeiro exercicio Feaga inmediatamente seguinte ao exercicio Feaga en que se peche o prazo de presentación das solicitudes de axuda obxecto da convocatoria.

As operacións obxecto de pagamento en dous exercicios Feaga deberán ter un mínimo do 50% do importe dos conceptos de gasto aprobados incluídos no primeiro exercicio inmediatamente seguinte ao exercicio Feaga en que se peche o prazo de presentación das solicitudes de axuda obxecto da convocatoria.

Independentemente do disposto neste artigo, o órgano competente da comunidade autónoma poderá, excepcionalmente, autorizar que determinadas accións comprendidas nas operacións aprobadas poidan ser executadas e solicitado o seu pagamento no ano financeiro inmediatamente seguinte ao inicialmente previsto para finalización das operacións, nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Do mesmo modo, nos citados casos de forza maior ou circunstancias excepcionais non resultará de aplicación o mínimo do 50% do importe dos conceptos de gasto aprobados incluídos no primeiro exercicio.

Nas solicitudes concorrentes á convocatoria cuxo prazo de presentación de solicitudes se inicia o 1 de febreiro de 2021 e finaliza o 31 de xaneiro de 2022 non será admisible a presentación de operacións que afecten orzamentariamente dous exercicios Feaga, de maneira que as accións previstas deberán ser executadas, pagadas e xustificadas perante o órgano competente da comunidade autónoma antes do 1 de maio de 2023.»

Nove. O punto 5 do artigo 68 queda redactado como segue:

«5. As comunidades autónomas elaborarán unha lista provisional coas solicitudes seleccionadas e priorizadas de acordo cos criterios de priorización establecidos no ámbito nacional segundo o anexo XXI e a ponderación dos criterios establecida no ámbito autonómico segundo o anexo XXII, e remitirana ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do 1 de maio de cada ano, en formato electrónico, de conformidade coa parte A do anexo XXIII do presente real decreto.

Xunto con esta lista provisional, deberá comunicarse unha estimación das necesidades financeiras para atender os pagamentos correspondentes a operacións aprobadas en anteriores convocatorias no exercicio Feaga en curso e seguinte, de conformidade coa parte C do anexo XXIII do presente real decreto. A dita cantidade terase en conta para a aprobación de novas operacións.»

Dez. O primeiro parágrafo do punto 1 e o punto 4 do artigo 73 quedan redactados como segue:

«1. O investimento deberá ser xustificado e pagado como máximo en dous exercicios Feaga, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.»

«4. Cando a operación se execute totalmente pero non quede acreditado un investimento subvencionable equivalente, ao menos, ao 60% do inicialmente aprobado, non se aboará ningunha axuda, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.»

Once. Engádesse un novo punto 3 no artigo 89 coa seguinte redacción:

«3. Nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais e outros casos previstos no artigo 64.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013, non se imporán as sancións, de conformidade co artigo 56 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.»

Doce. Engádense sete disposicións adicionais, numeradas da terceira á novena, co seguinte contido:

«Disposición adicional terceira. *Prazos referentes á medida de apoio a investimentos para 2020.*

1. O prazo de remisión por parte das comunidades autónomas da listaxe provisional a que se refire o punto 5 do artigo 68, para o ano 2020, amplíase ata o 15 de xullo de 2020.

2. O prazo de comunicación, correspondente ao ano 2020, das aceptacións, renuncias ou desistencias que se produciron dentro do procedemento tras a resolución das axudas, a que se refire o artigo 69, amplíase ata o 15 de decembro de 2020.

3. O prazo de xustificación e solicitude do pagamento das operacións de investimento presentadas antes do 1 de febreiro de 2019 que, conforme a disposición transitoria terceira, se seguen rexendo polo sinalado no artigo 73 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, amplíase ata o 15 de xullo de 2020.

4. O prazo de remisión por parte das comunidades autónomas do informe anual do resultado das operacións de investimento presentadas antes do 1 de febreiro de 2019 e que, conforme a disposición transitoria terceira, se seguen rexendo polo sinalado no artigo 75.2 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, amplíase ata o 15 de xaneiro de 2021.

Disposición adicional cuarta. *Controis sobre o terreo no exercicio Feaga 2020.*

No caso das actuacións de control sobre o terreo que deban levarse a cabo durante o exercicio 2020, aplicaranse as disposicións de control establecidas no artigo 15 do Regulamento de execución (UE) 2020/532 da Comisión, do 16 de abril de 2020, que establece excepcións, para o ano 2020, aos regulamentos de execución (UE) n.º 809/2014, (UE) n.º 180/2014, (UE) n.º 181/2014, (UE) 2017/892, (UE) 2016/1150, (UE) 2018/274, (UE) 2017/39, (UE) 2015/1368 e (UE) 2016/1240, no que toca a determinados controis administrativos e sobre o terreo aplicables no marco da política agrícola común e que modifica o artigo 32, punto 1 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150, da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Disposición adicional quinta. *Aplicación da situación de forza maior.*

Segundo se define na Comunicación C (88) 1696 da Comisión do 6 de outubro de 1988 relativa «á forza maior» no dereito agrario europeo (88/C 259/07), cando un beneficiario queira acollerse á fórmula «salvo causa de forza maior» deberá achegar á autoridade competente correspondente unha proba documental irrefutable, conforme os medios admitidos en dereito.

Disposición adicional sexta. *Consideración da pandemia provocada polo virus SARS-CoV-2 e da declaración do estado de alarma no Reino de España como causas de forza maior.*

Para todas as medidas do Pasve, decláranse motivo de causa de forza maior as consecuencias da pandemia provocada polo virus SARS-CoV-2 e o estado de alarma no Reino de España declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Disposición adicional sétima. *Comunicacións dos organismos pagadores ao Fondo Español de Garantía Agraria, O. A.*

Tal e como se establece no artigo 10 do Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto, os organismos pagadores a través do organismo de coordinación deberán realizar, como moi tarde o décimo segundo día de cada mes, a declaración de gastos e previsións de acordo co modelo facilitado pola comisión aos Estados membros a través dos sistemas de información, desagregada de acordo coa nomenclatura do orzamento da Unión Europea e por tipo de gasto e de ingreso, sobre a base dunha nomenclatura detallada posta á disposición dos Estados membros.

Neste sentido, as previsións de gastos e de ingresos asignados referidas corresponderanse ao mes en curso e aos dous meses seguintes e á fin do exercicio financeiro. Por tanto, no caso de que o organismo de coordinación, unha vez que estudase as ditas previsións, comprobe que superan o teito financeiro do programa do exercicio financeiro en curso, comunicaralles aos organismos pagadores o importe de gasto que poderán pagar ata o final do exercicio financeiro, así como a

parte que xera o que excede o teito financeiro e que se deberá pagar para o seguinte exercicio financeiro.

Disposición adicional oitava. *Financiamento excepcional da medida de reestruturación e reconversión de viñas en relación coa crise sanitaria provocada polo COVID-19.*

En aplicación dos artigos 6 e 10 do Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, do 30 de abril de 2020, polo que se establecen medidas excepcionais de carácter temporal que autorizan excepcións a determinadas disposicións do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello para facer fronte á perturbación do mercado causada pola pandemia de COVID-19 no sector das froitas e hortalizas e no sector vitivinícola, así como medidas conexas, no correspondente ás solicitudes de axuda que deben ser aprobadas no exercicio 2020, en caso de seren aprobadas antes do 16 de outubro de 2020, o tipo de axuda aplicable, en substitución do recollido no artigo 37.4, poderá incrementarse:

- a) Ao 60 por cento nas comunidades autónomas distintas das rexións menos desenvolvidas.
- b) Ao 80 por cento nas comunidades autónomas clasificadas como rexións menos desenvolvidas.

Disposición adicional novena. *Financiamento excepcional da medida de investimentos en relación coa crise sanitaria provocada polo COVID-19.*

En aplicación dos artigos 9 e 10 do Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, do 30 de abril de 2020, no correspondente ás solicitudes de axuda que deben ser aprobadas no exercicio 2020, en caso de seren aprobadas antes do 16 de outubro de 2020, o tipo de axuda aplicable, en substitución do recollido no artigo 72.1, poderá incrementarse:

- a) Ao 60 por cento nas comunidades autónomas clasificadas como rexións menos desenvolvidas.
- b) Ao 50 por cento nas comunidades autónomas distintas das rexións menos desenvolvidas.
- c) Ao 80 por cento na Comunidade Autónoma de Canarias e outras rexións ultraperiféricas.

Para os investimentos noutros países da Unión Europea, terase en conta a súa situación para determinar a porcentaxe de axuda, de acordo cos tipos de axuda establecidos nos puntos anteriores.»

Trece. Engádense dúas novas disposicións adicionais décima e décimo segunda co seguinte contido:

«Disposición adicional décima. *Modificación das operacións de reestruturación e reconversión de viñas e investimentos en casos debidamente xustificadas relacionados coa crise sanitaria provocada polo COVID-19.*

No exercicio 2020 será admisible, en casos debidamente xustificadas relacionados coa crise sanitaria provocada polo COVID-19 e referentes ás operacións en curso, a presentación de modificacións que non afecten nin a elixibilidade dalgunha parte da operación nin os seus obxectivos, e non supoñan un incremento de orzamento inicialmente aprobado. Os beneficiarios comunicarán a dita modificación á autoridade competente como moi tarde xunto coa solicitude de pagamento da operación. Non será necesaria a autorización previa á súa execución, aínda que si deberán ser avaliadas.

Programas pendentes de pagamento, orzamento correspondente relativo a exercicios Feaga anteriores:

Exercicio Feaga	N.º de programas pendentes de pagamento	Orzamento pendente de pagamento»

Dezaseis. A letra c) do anexo VIII queda redactada da seguinte maneira:

«c) Custos de persoal autónomo. Deberán achegar copia do contrato que acredite a relación coa empresa, así como as facturas xustificativas do gasto.

A suma dos puntos a, b e c (custos de persoal), non poderá superar o 13% do total dos custos subvencionables das accións executadas, por este motivo os ditos gastos deberán figurar convenientemente desagregados no orzamento recapitulativo do programa que se presente. Esta porcentaxe poderá ser superada debido a situacións de forza maior, sempre que non se supere o importe aprobado e se acheguen as probas documentais para a súa xustificación.

O beneficiario deberá presentar xustificantes que expoñan os detalles do traballo realmente efectuado en relación coa operación concreta ou con cada medida de acción subxacente, se procede. Para efectos da determinación dos custos de persoal relacionados coa execución dunha operación por parte do persoal permanente do beneficiario, poderá calcularse a tarifa horaria aplicable dividindo por 1.720 horas os últimos custos salariais anuais brutos documentados dos empregados concretos que traballasen na execución da operación.»

Dezasete. Engádese unha nova parte C ao anexo XXIII:

«Parte C) *Estimación pagamentos pendentes*

Comunidade autónoma	Estimación pagamentos Feaga ano en curso		Estimación pagamentos Feaga ano seguinte
	Convocatoria "X"	Convocatoria "Y"	Convocatoria "Y"»

Disposición adicional única. *Condición suspensiva.*

A regulación prevista no punto sete do artigo segundo e no punto trece do artigo cuarto deste real decreto queda condicionada á publicación do regulamento delegado da Comisión que modifica, só para o ano 2020, o Regulamento delegado da Comisión (UE) 2017/891, respecto do sector de froitas e hortalizas e o Regulamento delegado da Comisión (UE) 2016/1149 respecto do sector do viño, en relación coa pandemia provocada polo COVID-19.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación retroactiva das medidas deste real decreto.*

1. Non obstante o previsto na disposición derradeira segunda deste real decreto, o disposto no artigo primeiro e no punto 3 da disposición adicional que incorpora o punto seis do artigo segundo serán de aplicación desde o 15 de abril de 2020.

2. As modificacións introducidas na medida de promoción en mercados de terceiros países no artigo cuarto aplicaranse ás solicitudes presentadas antes do 15 de xaneiro de 2019 e seguintes.

3. As modificacións introducidas na medida de investimentos no artigo cuarto aplicaranse ás solicitudes presentadas antes do 1 de febreiro de 2019 e seguintes.

Disposición transitoria segunda.

1. Ás solicitudes de axuda á reestruturación e reconversión de viñas aprobadas de acordo co Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, e co Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, na súa redacción orixinaria e na dada polo Real decreto 608/2019, do 25 de outubro, tamén lles serán de aplicación as disposicións establecidas no artigo catro do presente real decreto.

2. Sen prexuízo do anterior, os beneficiarios de axudas cuxa execución e solicitude de pagamento estaba prevista no exercicio Feaga 2020 e que, debido á crise sanitaria e ao período de alarma establecido no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo COVID-19, precisen atrasar a execución e solicitude de pagamento ao exercicio 2021, deberánlle comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma o cambio de exercicio financeiro de pagamento, para o seu coñecemento, debidamente xustificado, e como moi tarde antes da data límite do 31 de xullo para presentar a solicitude de pagamento das operacións no exercicio Feaga 2020.

3. A data de comunicación de finalización e pagamento de operacións para todas as comunidades autónomas, para o interese xeral e para o exercicio 2020, será o 31 de xullo.

4. A data de finalización do prazo de presentación das solicitudes de axuda para a reestruturación e reconversión de viñas na convocatoria 2020, para todas as comunidades autónomas que visen afectados os seus prazos de convocatoria 2020 como consecuencia da suspensión de prazos establecidos polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, será, para o interese xeral, o 15 de xuño de 2020, salvo que a comunidade autónoma estableza unha data anterior a esta.

5. No caso das comunidades autónomas que convoquen para 2020 axudas á reestruturación e reconversión de viñas unha vez finalizado o período de alarma, a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes de axuda para a convocatoria 2020 establecida na súa correspondente normativa, finalizará, para o interese xeral, como máximo o 15 de xuño de 2020.

6. Excepcionalmente e debido á situación orixinada polo escenario actual de estado de alarma establecido no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, o prazo establecido de remisión polas comunidades autónomas das necesidades de financiamento a que se refire o punto 1 do artigo 33 para o ano 2020, amplíase ata o 30 de xuño de 2020.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos puntos sete e oito do artigo segundo, e o punto trece do artigo cuarto deste real decreto, para a súa adaptación á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES